

O pasado día 22 de abril a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deu a coñecer os novos currículos de ESO e Bacharelato para Galicia. En 2º de Bacharelato, dentro da modalidade de “Humanidades e Ciencias Sociais” foron suprimidas as materias optativas de libre configuración autonómica *Xeografía e Historia de Galicia e Patrimonio e Arte de Galicia*, cada unha con dúas horas semanais. Este feito causou a natural sorpresa e desgusto de moitas/os docentes de Xeografía, Historia e Historia da Arte de ensino secundario expresado publicamente de diversas formas.

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia da USC considera que é fundamental que se manteña a integridade e singularidade da materia *Xeografía, Historia e Arte de Galicia*. A proposta de substituíla por unha materia de nova creación chamada *Patrimonio e Sociedade de Galicia* carece de fundamento académico, fai de menos o traballo que dende as universidades e os institutos do país veñen traballando dende hai anos a prol da difusión das claves do noso pasado colectivo, e institucional, do carácter finito dos recursos territoriais e da relevancia das manifestacións artísticas e culturais galegas, ao ignorar o que supoñen dúas Facultades do Sistema Universitario de Galicia que teñen por misión cultivar eses coñecementos. Cabe indicar que isto non ocorre así con outras materias optativas creadas o abeiro desta reforma que contan como respaldo con Facultades, e polo tanto tradicións de estudos ben consolidadas.

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia tamén é consciente de que dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade se contactou cos decanos da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e da Facultade de Historia da Universidade de Vigo ao longo da semana do 25 ao 29 de abril propoñendo cambios no borrador inicial do currículo de ESO e Bacharelato de Galicia e abrindo a posibilidade a que a materia poderá chamarse *Xeografía, Historia e Arte de Galicia. Patrimonio e Sociedade*. A Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia coñece tamén a convocatoria do Sr. Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Xunta de Galicia (3 de maio de 2022), para falar os contidos da devandita materia.

Asemade, a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia debateu este asunto en profundidade e desexa facer constar tres puntos adicionais de cara ao diálogo que se vai abrir:

- a) Esta materia de nova creación debe estar atribuída integramente aos departamentos de Xeografía e Historia dos IES;
- b) Os contidos relativos a Xeografía, Historia e Arte de Galicia non deben quedar relegados a esta materia, senón que tamén deben ser parte activa de materias tales como *Xeografía e Historia* na ESO, *Xeografía* no Bacharelato, *Historia da Arte* de Bacharelato ou *Historia de España* de Bacharelato, nas que a Xunta ten competencias para decidir no 50% autonómico. Neste senso, emprazamos a que a Xunta empregue a súa capacidade de fixar contidos en chave galega, Secretaría do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade [conselleiro.cultura.educacion@xunta.gal](mailto:conselleiro.cultura.educacion@xunta.gal)

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional [sxefp@edu.xunta.es](mailto:sxefp@edu.xunta.es)



para garantir que o alumnado do país entende o seu pasado, o seu territorio e a arte que se xerou nel; e

c) preocúpanos tamén a supresión da materia de *Paisaxe e Sustentabilidade* en 2º-3º de ESO, que impartían profesores/as de Xeografía, Historia e Arte nos IES do país, e que, malia que non xerou polémica, tamén consideramos que menoscaba os coñecementos propios da nosa Facultade.

Por todo isto, a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia toma nota dos cambios propostos pola Consellería dende a posición inicial, valora positivamente a disposición a dialogar e asume o compromiso de colaborar para acadar unha definición de obxectivos e contidos da materia mencionada acordes co estado dos coñecementos e as necesidades pedagóxicas propias dos estudos de bacharelato, e que manteña e mesmo acrecente a relevancia do ensino e aprendizaxe da Xeografía, Historia e Arte de Galicia na educación secundaria e bacharelato.

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Secretaría do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade [conselleiro.cultura.educacion@xunta.gal](mailto:conselleiro.cultura.educacion@xunta.gal)

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional [sxefp@edu.xunta.es](mailto:sxefp@edu.xunta.es)



Centenario dos  
Estudos de Historia

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARCO VIRGILIO GARCIA QUINTELA, DECANO A DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/05/2022 11:54:27.

**CSV:** 9C55-8337-433F-9426